



DOROTHÉ SCHUBARTH

Basilea, 1944

Estudou teoría da música e composición. Despois estivo de profesora en Luzern e Basel. Á vez estudou música popular no leste e oeste de Europa, fixo viaxes ós países balcánicos, á

rexión occitana de Francia e varias rexións de España. Mostrouse que Galicia era un terreo especialmente rico e interesante. Despois de dous anos Antón Santamarina pediulle se estaba disposta de coleccionar e estudar o canto popular galego de maneira sistemática. E así fíxose o *Cancioneiro Popular Galego*, un-

ha colección alucinante de cántigas arcaicas. Os estudos do tesouro de cántigas -melodías e textos- e á vez o estudo interétnico conducírona cada vez máis a un mundo arcaico. Despois de máis de trinta anos volveu a varios sitios e percorreu as vellas pisadas. Entre outros lugares volveu a Bande e os seus arredores.

Volta a Bande

Decembro 2015

Dorothe Schubarth

Lembranza

Antón e os compañeiros do Instituto da Lingua Galega axudáronme moitas veces a facer un contacto antes de ir a un lugar. Cando por primeira vez fun a Bande, quedáramos en que me presentase no colexio. Despois das clases, pola tarde, podía ir cos rapaces no transporte escolar a Carpezás. E así o fixemos. As mestras recibíronme dun xeito moi cordial, avisaron os nenos e pola tarde fun con eles alá. A liña parou na pista, os nenos correron monte arriba, e eu atrás deles. Ó chegar ó lugar mirei en van a ver se vía os nenos. Só había por aquí e por alá unhas mulleres que me botaron un ollo sen saudar. Sen nenos quedei sen contacto ningún en Carpezás.

Senteime nunha pedra esperando... ata que se achegou a min unha muller dicindo que me apurase se quería voltar con día a Bande.



A fonda de Obdulia, agora pechada

Saín do lugar e avistei a pista abaixo. Por alí non pasaba ningún vehículo... finalmente apareceron tres torcendo pola curva. A ver se un deles me leva, se me dou présa. E o terceiro levoume. Tanta viaxe por nada. Preguntei nunha fonda por pousada. Era a fonda de Obdulia.

Dixéronme que os fillos traballaban en Suíza pero agora pasaban uns días de vacacións aquí. Toquei ó timbre e apareceu a nora. Falamos un momento, pero non mostrou moito interese.

Pousei a miña mochila na habitación, puxen a gravadora na bolsa e saín.



Jaime no Trébol

Volta a Bande, 37 anos despois

Xa a viaxe de Ourense a Bande foi folclórica: a conversa entre chófer e viaxeiros. Cada un sabía mellor que os outros de todo o que se falaba. Discutiron asuntos locais e (era pouco antes de votar) da política: "este que empeza con R"... Baixa un e sobe outro; aí que risa. Agora que está ausente fanse comentarios sobre o que acaba de baixar e non lle deixan nin un pelo dereito.

Tamén eu aproveito. Pregunto onde se pode durmir, pregunto por autobuses, fálame da situación das aldeas...

Unha paisana ofrécese acompañarme ó Trébol. Fernando é o hoteleiro. En seguida esperto o seu interese. E máis tarde aparece Jaime, que para os días seguintes se encargará de facerme de guía.

Paseei pola vila ata encontrar unha tenda. Era a última hora da tarde, a xente volvía do traballo e ía ás compras. A tenda estaba chea de xente. Compraba, intercambiaba as novas, comentarios... Eu quedei detrás na beira da porta, observaba a xente, estaba algo desconcertada. Despois dun anaco preguntoume o tendeiro: "E usted que quere?" "Busco cántigas". A miña resposta provocou risa, burla, comentarios. Que facer? "Espere usted hasta que eu peche a tenda, vouna levar a un sitio". De seguida para-

ron as burlas. Grazas a este tendeiro tiveron a primeira entrada. A xente despois colaborou. Independentemente diso, Obdulia colleu interese e díxome: "Gústame falar con xente intelixente." Cantoume varias cántigas e púxome en contacto coa súa tía Guillermina, unha fonte de romances e coplas, un cancionero vivo.

Dous anos máis tarde volvíñ, outra vez fun ó colexio, outra vez fun cos nenos a Carpezás, e o cancionero mostra que a viaxe ben valeu a pena.



O PRIMEIRO DÍA

Segundo Jaime teño que coñecer sobre todo os monumentos históricos: os Baños e o campamento romano e a igrexa visigoda de Santa Comba. Había que ir con máis tempo! E parar nesos lugares tan encantadores.

Santa Cruz, Lobeira

Ó final pasamos por Santa Cruz. Véñenme á acordanza Jesusa e Benita: daquela bailabamos e cantabamos acompañadas cunha tixola tocada cunha chave.

Agora ó contrario, o día está gris, a noite pasada chovía, e gris tamén está a aldea. Nin unha alma –algunha moto metida nun curruncho no medio do mato. Algúns xoguetes debaixo dun alpendre dunha casa... Debe de haber xente. Asómase unha señora que está cocendo. Si, sabe dos meus informantes e indícame a casa de Benita:



Aparecen trastes na entrada, diante da cancela unha moto e unha bicicleta medio tapadas por ortigas.

Boto a vista sobre o lugar: néboa e nubes tapan as casas caídas, lama nas rúas.

Sarreaus

A Sarreaus vou en busca das pisadas de Amalia. Agora, pola tarde subo



Benita de 74 anos e Jesusa de 68 anos en 1981



andando alá. O camiño pasa entre carballos, e por unha corredoira. Chegando ó lugar escollo os camiños que soben sen atopar a ninguén.

Arriba de todo sae Manuel da casa, un home duns 40 a 50 anos. Acérase e –como me ten pasado moitas veces– mirámonos un a ou-

tro coa pregunta pintada na cara. Si, acórdase da Amalia, coñecía a familia. Vivía na Aira da Dona. A Aira da Dona: sácolle unha foto de antes que levo –35 anos hai que a tomei–. El coñece a praza.

Fálame de Celso, o fillo de Amalia, que vive fóra pero ten unha casa en



A Aira da Dona no 1981



Celso, fillo de Amalia



Susana



A Aira da Dona hoxe

Loeda. Falamos dos poucos veciños, a maioría das casas abandonadas, dos poucos vellos que quedan.

Despois acompañame un cacho para mostrarme o camiño da Aira da Dona. Os canastros, algún día foran o orgullo dos veciños e sinal de riqueza. Agora a maioría dos donos deles emigraron e moitos están a caer.

Paseo polo lugar e tropezo con veciños que acabaron de matar un cocho. Falando de Amalia di o matachín: "Eu son o fillo."

E antes de chegar á Aira da Dona tropezo con Susana, que agora mesmo sae da casa cunha carretilla.

Qué alegría atopar con quen falar. Ten 34 anos, quizais a veciña máis nova de tódolos lugares. Pousa a carretilla e ri cara a min mostrando a súa risa rechamante. Atende a casa e o pai, e agora vai por leña. Imos xuntas á Aira. Á dereita está aínda a casa de Amalia. Varios canastros desapareceron desde entón substituídos por coches.

Canda nós baixa tamén María, unha muller con muletas. Vai rumbo á igrexa que está detrás da Aira.

E mentres, admiro os dous carballos enormes do adro. Agora que se está facendo noite, da luz emana un ambiente sagrado.

Ofrécese a ensinarme o lugar. Primeiro pasamos polo forno comunal. Non é que o edificio dera moito que ver, pero o forno era importante e aínda está en bo estado. A fachada coa a porta pechada: a porta pechada coma símbolo dun tempo pasado; de cando a porta estaba aberta, cando había vida arredor do forno e o cheiro do pan se estendía polo lugar.



María





Forno



Casa de María



Vista de Sarreaus a Xordos

Indica coa muleta unha casa tras outra: Estes foron a... e aqueles a... Suramérica, Suíza, Francia. Algúns volven de vacacións, outros non apareceron máis.

E conversando chegamos á casa dela: unha casa de pedra restaurada. Ensínama, non sen orgullo.

Para renova-la casa investiron os cartos gañados en Suíza onde ela e o home traballaron. O home que-

ría volver a Galicia, pero ela prefería quedar alá. Xa que acordaron de volver non quería prescindir das comodidades, e renovaron casa a nivel suízo. As cortes convertéronse nunha cociña e mais nunha sala de estar con cheminea. É un espazo amplo. Arriba están os dormitorios e baños. Aproveitaron as pedras da casa vella. Dentro, as portas e a escaleira son de madeira. A casa está quente e dá gusto estar. Aquí pasa o matrimonio os fins de

semana, entre semana traballan en Ourense.

Convídame tomar un té. E despois imos á fonte arriba de todo:

Alí lavábase a roupa, alí contábanse as novidades e víñase coas sellas buscar auga. Cántas historias xurdiron á beira da fonte. Non é difícil imaxinar os amantes, que, coa escusa de buscar auga, se daban cita clandestina...

Faise noite. Despedímonos con moito cariño.

Os lugares saúdanse uns a outros. Desde Sarreaus vese Xordos (arriba) e, desde Xordos, Sarreaus.



Vista de Xordos a Sarreaus

O SEGUNDO DÍA

A Illa

Hoxe Jaime lévame á Illa. As miñas lembranzas dese sitio e do encontro con Julia e Cholos Cholas son moi vivas. Non só a cordialidade coa que daquela me recibiron. Os romances cantados con tanta vitalidade e a fala aquí na raia de Portugal tan sonora eran un encanto.

Desta vez, deseguida nos indican a casa do fillo, Bienvenido.

Bienvenido, inválido, e súa muller Bienvenida recíbenme con cordialidade. Eu tráíolles as fotos de antes, hai 35 anos: os pais e Rosa, a filla, irmá de Bienvenido.

Unha palabra tira por outra. Benvenido vivía fóra, en Francia. Rosa en cambio estivo sempre aquí de panadeira. Bienvenida acompañame onde ela.

Examina a foto que lle traio e comenta: daquela estaba máis gorda. Hai un ano morreulle o home e, pensando nel empeza a chorar.



Bienvenida cociñando



*Bienvenido á dereita co seu cridado portugués
Antinho esperando a comida*



Cholos e Rosa en 1981



*Julia, muller de Cholos
coa neta Mónica en
1981*



Rosa (á esquerda) vende pan a unha veciña



Orgullo da casa:
Bienvenida ensíname
no faiado os
chourizos e unto da
matanza



O forno de Rosa

Bienvenido cóntame unhas historias que lle pasaron ó seu pai cando ía de contrabando nos tempos da posguerra.

Velaí un acontecemento:

Como o Cholos se salvou dos carabineros

Cóntame o fillo Bienvenido:

O principio non está gravado, contou: [Cholos volveu de Portugal con dous vultos grandes de carne de 25 kilos cada un. E foi aí]. Aquí empeza o gravado:

Olelas, veu por Pireira, i a vir por Pireira deixou alí na casa dunhas amistades, e 'spois era inverno e empezou a chover moito e dixo: bueno, voume buscar cunha capa de lona, un fardo e traguelo para acá prós clientes e baixaba por aí polo carreiro da Penagacha abaixo e chegou a Puente Grande e encontrouse cos carabineros. A se encontrar cos carabineros agarrou e encostouse ó petril do puente e mandou do puente abaixo o café. Como o río levaba moita auga pois foi río abaixo, i os guardias prendérono. Dixéronlle: «Por fin caíche, pájaro,» e trano aquí o cuartel onda o cabo, i o cabo díxolle: «Ah, a ver que pasou co iste home?» «É que traía un fardo de café e mandou ó río, e foi polo río abaixo, e agora traémolo preso.» «A quen había que castigar era a vós, deixai ir o home tranquilo prá casa, porque non se lle pode comprobar, que non ten ningún delito, porque non lle collestes nada. Sodes vós que sodes uns imbéciles perdidos: ¡dous deixar facer unha cousa desas a un só!» [...]

E el vai e foise alí e non lle pasou nada.
(Transcrición: Antón Santamarina)

Volvemos á casa de Benvenida. É hora de prepara-la comida.

Subimos á cociña e por unha escaleira ó faiado onde ten colgados os chourizos da matanza. Gustaríame aceita-la invitación a comer. Pero Jaime estame esperando. E así acaba o noso encontro intenso e curto demais.

Parada de Ventosa

Cando eu vin por primeira vez, Isidro, un veciño das Conchas, leváranos a min e a outra veciña, Maruxa, a Parada. Daquela queríamos xuntarnos con Enrique e Dosinda para cantar. Agora, ao preguntar por eles, explícanme que Dosinda morreu. Pero o marido, Enrique segue vivindo na súa casa ó final, no alto do lugar. Acércome á casa, sen atopar entrada. Un portal de metal amplo e alto pecha a corte, e detrás ladhan os cans e escóitase a voz dun home. Chamo, e contestan os cans, dá medo como ladhan; menos mal que a porta protexe non só aqueles que están detrás senón tamén ós que están diante. A porta, polo menos, sepárame dos cans adocidos. Volvo chamar, peto no portal, que dá un ton metálico. Os cans detrás cada vez máis enfurecidos meten agora o fociño debaixo da porta; unha escena cómica.

Peto outra vez e agora aparece un home na porta entreatberta. Pregunto se é o fillo de Enrique. Asinte, e, como lle explico a que vou, perde pouco a pouco a desconfianza, déixame pasar entre os cans que me rodean con curiosidade.

O pai está arriba na terraza arranxando unha ferramenta. Recoñéceme en seguida e recíbeme cun abrazo e con moita alegría. Sorpréndeme que se



Enrique



Bodega onde gravamos daquela as cántigas



acordase perfectamente daquela tarde alegre. Eu, segundo me conta, pedíalle coplas de curas. Parece que lle fai ilusión que eu volva e mesmo se lle ve cheo de orgullo. Agora dígolle que lle quero sacar unha fotoponse en postura.

O fillo colle cada vez máis confianza. Cántame, que se encarga do

pai xunto coa súa irmá e, como el mesmo cobra por enfermidade crónica, ten tempo. A cociña está ben aquelada e o fillo empeza a prepara-la comida mentres o pai conta do noso encontro con Isidro e Maruxa na bodega no ano 1981. A bodega aínda se utiliza. Déixame sacar fotos, só el, o fillo, non quere ser retratado.



Isidro e a súa filla Rosa



Guillermina 1983

Guillermina 1981

Salto das Conchas

Moi cerca queda a casa de Isidro. A el xa lle puiden facer unha vez unha visita cos sobriños que coñecera en Ourense. Daquela volveu a cantar coma antes. Mentres estamos falando un anaco aparece a filla que vén do traballo e trae as compras para prepararlle a comida ó pai. Deixámoslo pronto porque Jaime quere irse á casa.

Xordos

Baixo á aldea por un camiño. Sobe unha muller nova que, como me conta, aínda non leva moito tempo aquí. Na aldea está todo tranquilo. Paso polas casas ata sentir voces dunha muller e dun home na corte detrás dun portal metálico. (Ai, estas portas metálicas!).

Ó petar, un home abre unha físgoa e detrás del mira a muller. Conversamos un pouco e pregunto por Guillermina. Tiña daquela 72 anos. Non sei se algún outro informante me proporcionou un tesouro de romances tan amplo, e cada un tan completo. Pero, explícanme, que non vivía aquí, senón en Nigueiroá, parroquia con tres barrios: Viñal, Quintá, Outeiro.

Néganse ó meu desexo de sacar unha foto. Laméntoo porque o home ten unha cara moi perfilada, marcada, que reflexa moito. Dinme que vivían fóra e volveron á casa ó xubilárense.

Atopo o cura con dúas freguesas. Non queren ser molestados. Así que me contento con mirar e retratar o cruceiro e a capela, e collo despois o camiño cruzando o lugar rumbo a Bande.



Rúa a Xordos



O TERCEIRO DÍA

Pereira

Apartado da ruta montañesa queda a pequena aldea de Pereira. Nin unha ducia de habitantes viven aquí agora. Da primeira vez visitamos a Maruxa que nos botou unhas coplas coa súa voz clariña.

Maruxa xa non está. Temos os veciños. Encontro un matrimonio que está tomando o sol na beira da rúa e charlamos un bocado. Ela ten 83 anos, el 87. Pasan os males coma tódolos vellos. O home gábase de estar mellor ca ela. Ela quere ensinarme a casa e, coa axuda do bastón imos alá.

Asómase unha cara simpática. A filla está limpando as ventás.

Conversa entre Enrique e Amadeo; non poden falta-las fontes.



Enrique e Celia



Enrique e Amadeo

Corvelle

Na primeira viaxe non tiven moito tempo de ver a contorna fóra dos momentos de traballo. Agora que veño máis de vagar, Jaime quéreme ensinar a igrexa e o cruceiro de Corvelle.

Subimos ó alto. Advírteme que o cruceiro retrata por un lado unha *pietà*.

O sitio é extraordinario. A vista polo val, a igrexa exposta fóra da aldea, o cruceiro e, entre dous castiñeiros, unha fonte.



Entrada do adro



Entre os castiñeiros unha fonte

**Volta pola pedra das
ánimas**

Pero Jaime non se contenta de ensinarme Corvelle, quere que coñeza a paisaxe arriba no monte e a pedra das ánimas no purgatorio.



**E, por fin... voltamos ao
Trébol**

Cando volves? pregúntame
Fernando...



Fernando, o hosteleiro do Trébol, con Pepe o Pequeno